


Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida



Emboscadas no gran norte

Margarida Aritzeta

Galaxia

Rex.: 235

Novela de aventuras que narra as experiencias dunha adolescente nun país estranxeiro. Marina, unha rapaza catalana de dezaseis anos, pasa o verán de 1984 en Canadá, invitada polo seu tío. A súa estadia no país coincide coa celebración do catrocentos cincuenta aniversario da colonización. Marina, acosada polo seu tío, decide fuxir e dar unha nova perspectiva ás súas vacacións. No camiño atópase con dous indios, Luc e Jim, que teñen que entrega-la pipa da paz nas Xornadas dos Pobos Autóctonos, destinadas a mellora-las relacións entre os indios e o goberno canadense. Marina participa activamente nesta misión o que lle permitirá familiarizarse coa verdadeira historia dos diferentes pobos e culturas do país. (*A nosa literatura infantil e xuvenil 1997*)



Eu de maior quero ser


Rosa Aneiros

Sotelo Blanco

Rex: 1984

Ainhoa, Cris, Fran, María e Miguel son cinco universitarios que viven nun piso da rúa Casa Reais na Cidade Vella compostelá e que están a punto de finalizar a carreira, excepto o último ao que lle resta un curso. As diferenzas en canto á madurez, expectativas ou extraversiones

non impiden un ambiente de franca camaradería e ansias revolucionarias ás que se lle intúe o final. En conxunto, a novela representa unha viaxe ao "modus vivendi" dos estudantes de Santiago e a un período vital imposible de esquecer pero que non volverá. No texto reflíctense os temas que máis preocupan aos xoves como as dificultades de alcanzar a estabilidade afectiva, os problemas da vivenda, do traballo ou a incertidume do futuro.



Ás de bolboreta

Rosa Aneiros

Xerais

Rex.: 4981

Na Luzada, cafetería de Patricia, conflúen cada mañá os camiños que transitan os personaxes desta novela gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de literatura juvenil 2009. O xurado outorgou por unanimidade o galardón presenta unha estrutura non xerarquizada, dividida en breves capítulos ónde calquera parte está conectada con todas as demais, un puzzle de pezas engarzado ao igual que se engarzan as vidas das personaxes da novela"; destacando, ademais, que "mediante a conexión do cotiá con outras historias que poden semellar máis afastadas conséguense unha intensidade narrativa reforzada emprego dos rexistros (**información editorial**)

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida



Agardarei por ti en África

Blanca Álvarez
Planeta Oxford
Rex.: 3910

Aos seus doce anos, Roxelio non é un neno feliz. Non sofre as dentadas da fame nin as escasezas da posguerra, como ocorre en tantas casas da vila, aínda que lle custa aturar a fame de cariño e o peso dun segredo que non coñece pero que intúe. Será no cemiterio, o lugar dos mortos, onde descubrirá a alegría de vivir. Unha novela que fala da guerra e da posguerra, das feridas que o rancor non deixa cerrar e da forza do amor que acaba superando


os obstáculos. [Contracapa do libro]



Cartas de amor

Fran Alonso
Xerais
Rex.: 3395

Conxunto de cartas de amor nada convencionais. Os verdadeiros protagonistas das cartas son a pobreza, a guerra, a inmigración, o franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social, a integración... E quen as escriben as cartas son mulleres que viven circunstancias vitais difíciles, ás que se enfrontan con valentía. Contracapa do libro




A sombra descalza

An Alfaya
Xerais
Rex.: 3458

Premio Lazarillo 2005.

Unha adolescente vai descubrindo os segredos que camiñan pola casa familiar entre o silencio. A violencia da guerra e unha posguerra chea de dor, as feridas que non se dan pechado e as mulleres da familia arrastrando cargas demasiado pesadas.

A rapaza que coñecemos ao principio do relato non será a mesma ao remate. (Resumo da editorial)



Illa Soidade

An Alfaya
Xerais
Rex.:3729

Illa Soidade resultou gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia 2007. O xurado considéraa unha novela iniciática na que a personalidade da protagonista evoluciona grazas ao contacto cunha esmoleira, na que descobre unha vida marcada pola paixón e a soidade, con reflexións sobre a autonomía persoal e o respecto pola diferenza. A obra retrata ese mundo marxinal, afastándose de tópicos e concedéndolles voz a persoas que teñen o seu propio espazo nunha sociedade que habitualmente as silencia e que neste poderán expresarse a través desta moza que lles presta a súa voz. Cada

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida

un destes seres é unha illa chea de historias nas que rara vez somos quen de introducirnos.

Nela cóntasenos a historia de Lucía, unha adolescente que, na viaxe en tren que a leva a outra cidade a realizar os seus estudos de xornalismo, vai rememorando a súa relación con Soa, unha muller sen fogar que coñeceu no barrio no medio dun problema de enfrontamento dos veciños cos indixentes. (Información da editorial)



A cabeza de Medusa

Marilar Aleixandre

Xerais, 2008

Rex.: 3975

Esta novela de violacións e de amor transcorre nun lugar indeterminado, pero que calquera adolescente pode identificar coa súa propia casa ou o seu instituto, nun tempo de aproximadamente tres meses. Un narrador omnisciente cóntanos que Sofía e Lupe, dúas rapazas de dezaioito anos, van ao baile de

entroido do seu instituto, cando remata o baile teñen frío e deciden ir para a casa cuns rapaces que non coñecen. Estes víolanas e seus pais lévanas ao hospital para facer un recoñecemento e á comisaría para poñer unha denuncia. Son tratadas por compañeiros e profesores con moito tacto, aínda así hai cousas que lles fan moito dano.

Lectura na que se potencian valores como dignidade, respecto, igualdade de xénero, xustiza, madurez, amizade.

Este libro trata de: Sociedade - Superación - Problemas persoais - Familia - Institutos - Delincuencia - Problemas sociais - Abusos sexuais - Violencia - Crítica social - Relaciones familiares - Conduta social - Machismo

(Informes de literatura e SOL Servicio de Orientación de Lectura FGSR)



Un pueblo contra los Hamid

Oriol Vergés


Bruño

Rex.: 1949

Nun pobo da costa catalá hai un incendio. Deseguido a xente do pobo cre que o autor do incendio é un inmigrante marroquí: Alí Hamid. O protagonista e os seus amigos queren axudar ao seu irmá, Abú Hamid, e intentan coñecer a verdade sobre o incendio.

A novela xuvenil *Un pueblo contra los Hamid* trata un tema moi actual en España: o número cada vez maior de inmigrantes cos problemas de racismo que está orixinando. O autor escribe aquí unha historia de ambiente realista e crítica social sobre a Cataluña que el tan ben coñece.

<http://www.easyreaders.eu/media/80434/unpueblocontra.pdf>



El juego de la verdad

Annika Thor

SM

Rex.: 133

Novela realista sobre o desexo da amizade, a violencia psicolóxica e a culpabilidade. Chantaxes, segredos, covardías, pequenas vinganzas e crueldades que resultan ser maiores do que nunca a protagonista imaxinou. (Contracapa do libro)

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida

Llámalo X

Marinella Terzi

SM

Rex.: 134

Novela realista sobre o despertar dos intereses e o primeiro desengano amoroso. Terceiro da ESO non foi un curso máis para a protagonista. Ademais das materias do colexio tivo que aprobar unhas materias extraordinarias: a da sensibilidade e as inquietudes intelectuais, a do amor, a da amizade...

Cuentos y leyendas de Japón

Amparo Takahashi

Anaya

Rex.: 4445

Mestura de lendas e supersticións que figuran nesta selección teñen con frecuencia como protagonistas ao tanuki e ao zorro, animais moi populares en Xapón. Outro dos temas recorrentes é o da vinganza; a través da cal os culpábeis reciben o castigo en proporción á maldade da súa acción. Moitos dos relatos amosan trazos que seguen estando moi arraigados no carácter xaponés, como o de agradecer sempre con creces o favor recibido por moi pequen que sexa. (Contracapa do libro)



Irmán do vento

Manuel Lourenzo González

Xerais

Rex.: 4361


Irmán do vento acadou o Premio Merlín 2003.

Novela de iniciación que relata o paso da infancia á xuventude do protagonista e na que se tratan os seguintes temas e valores: *A guerra* e todas as secuelas que a acompañan, *A diferenza de culturas* e a necesidade de coñecerse, de recoñecerse e convivir, as formas de discriminación da muller nos países árabes e a situación de cambio que se está a

producir. Novela na que se conta a historia de Khaled, un rapaz do Irak que, nun breve espazo de tempo, pasa pola experiencia de dúas guerras. Entre un prólogo e un epílogo, escritos polo arqueólogo Luís Meira Al-Galego, atopámonos o día a día deste mozo obrigado a medrar e facerse home pola forza das circunstancias, a través das cartas que, a modo de diario, lle escribe a un suposto fillo de Luís Meira que viviría en Europa. Se ben o relato é a crónica da destrución do mundo de Khaled e dos seus sonhos, tamén é a narración da loita contra ese destino imposto e pola recuperación da dignidade e a esperanza. De temática moi actual, o texto enfróntanos a unha realidade da que non podemos agocharnos, unha situación tremendamente dura e á que non somos alleos.

(Información editorial)

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida




La carta en clave

Jan Terlouw

Barco de vapor

Rex.: 672

As continuas disputas e berros dos pais preocupan moitísimo á protagonista desta historia. Ela e unha amiga deciden darlles unha lección desaparecendo durante unhas horas.



El cazador del desierto

Lorenzo Silva

Anaya

Rex.: 4801

É a segunda parte da *Trilogía de Getafe*, iniciada con *Algún día, cuando pueda llevarte a Varsovia* e pechada coa *Lluvia de París*, todas elas publicadas na colección "Espacio Abierto", de Anaya. En conxunto, as tres novelas son a historia do despertar á vida e á conciencia de tres rapazas adolescentes nun barrio de Getafe, unha de tantas cidades na periferia de outra de moita maior importancia. É unha homenaxe a esa forma de vida, normalmente desdeñada polos "esnobs". Neste libro, a través da experiencia que vive Irene, a máis sensata das tres amigas, con o estafalario e misterioso José María, prodúcese unha inesperada conexión con algúns seres míticos: Lanzarote, Lawrence de Arabia ou o inolvidable Robert de Niro de *El cazador*.




Las aventuras de Ulises

Rosemary Sutcliff

Vicens Vives

Rex.: 4289

Estas aventuras demostran como o protagonista debe reunir unha serie de calidades excepcionais que fan del un verdadeiro modelo para a humanidade. Só un home tan versátil pode sobrevivir aos terribles perigos dunha viaxe eu se constitúe nun simbólico aprendizaxe da vida.



Sueños rotos

Jordi Sierra i Fabra

Algar

Rex.: 4762

Elsa escribe un diario cuxos fragmentos abren e pechan este libro. Desde o presente, lembra un episodio que viviu, na súa adolescencia, que a marcou profundamente e o escribe no seu diario. A historia a narra un narrador en terceira persoa sen que lle trema o pulso posto

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida

que quere chegar ata o final e concienciarnos de que hai temas fronte aos que non podemos permanecer alleos.
<http://pizcadepapel.info/2011/08/21/suenos-rotos-de-jordi-sierra-i-fabra/>



Rabia

Jordi Sierra i Fabra

SM

Rex.: 1294

Baseada en experiencias do propio autor, que axuda sempre a mozos que buscan o seu horizonte, a novela amósanos o final da adolescencia de Patricia, cando a rabia que sente no seu interior non lle axuda a desvelar as súas inquietudes. Ela canta, compón, toca a guitarra, escribe... Ao coñecer a un escritor que vai ao seu colexio cambia e enfróntase ao seu propio eu. A

obra é un retrato da vida actual e a loita de miles de mozos con inquietudes

<http://www.sierraifabra.com/ant/secciones/Obras/Resumenes.php>



La piel de la memoria


Jordi Sierra i Fabra

Edelvives

Rex.: 4812

A novela amosa o grao de crueldade dos nenos escravos na África do século XXI. Kalil Mtube é vendido polo seu pai baixo a crenza de que será adoptado por unha familia que lle fará estudar e coa que vivirá moito mellor. Pero Kalil vese arrancado da fronteira entre Mali y Burkina Faso onde vive e condenado a ser un escravo nos campos de cacao de Costa de Marfil. A súa vida

será un inferno ata que consegue fuxir para atoparse nun barco no que os nenos son arroxados ao mar antes de que as autoridades os deteñenan.



<http://www.sierraifabra.com/ant/secciones/Obras/Resumenes.php>

La música del viento

Jordi Sierra i Fabra

Ed. Del Bronce

Rex.: 1946

A novela rende homenaxe a Iqbal Masih, neno de 12 anos que foi asasinado polos fabricantes de alfombras de Pakistan despois de organizar un alzamento contra eles e gañar o premio Reebok de dereitos humanos. Uns turistas regresan da India

cunha alfombra comprada alí na que atopan unha nota de socorro. O curmá do home, un periodista militante en diversas ONG's, viaxa ata a cidade de Madurai para enfrontarse á vergoña os nenos que fabrican alfombras coas súas mans diminutas, escravizados polos donos dos bazares.

<http://www.sierraifabra.com/ant/secciones/Obras/Resumenes.php>



En un lugar llamado guerra

Jordi Sierra i Fabra

La galera

Rex.: 1947

Un mozo periodista é enviado a un afastado país, Tudzbestán, para cubrir unha guerra interior. Alí contrata os servizos dun "lazarillo", un guía, un neno de 12 anos chamado Milo que acaba facéndolle famoso vendéndolle falsas entrevistas exclusivas con personaxes da guerra que en realidade son os seus familiares. Milo é un supervivente. Pero entre corresponsal e guía

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida

acabará forxándose unha amizade situada máis alá da contenda, cando un e outro sálvanse a vida mutuamente. Esta novela foi escrita antes da invasión de Afganistán, o 11-S e a guerra de Irak, e é precursora de ambas no seu tratamento.

<http://www.sierraifabra.com/ant/secciones/Obras/Resumenes.php>

La flecha negra

R.L.Stevenson

Espasa

Rex.: 756

No escenario dun dos episodios máis trascendentais da Baixa Idade Media Inglesa, -a guerra das Dos Rosas- ten lugar a trama desta novela, unha obra non só cargada de interese e amenidade. Nesta obra non só amor, aventura e nobreza, o bosque misterioso, o mar che ode perigos e moito suspense.



Quiéreme bien

Rosalind B. Penfold

Lumen

Rex.: 4369

Unha historia de maltrato". Este "quíreme bien" contén toda a forza dunha declaración de principios, a dunha muller que non quere que a queiran moito, senón ben.

<http://bulimiaquimerica.blogspot.com/2008/02/quiere-me-bien-una-historia-de-maltrato.html>



Quando Hitler robó el conejo rosa

Judith Kerr

Alfaguara Rex.. 4770

Ás portas da II Guerra Mundial, en Berlín, o pai de Anna é escritor e xornalista de gran prestixio; pero a súa oposición ao movemento nazi o porá no punto de mira da persecución antisemita. Anna e a súa acomodada familia deben abandonar precipitadamente o seu domicilio días antes do triunfo electoral de Hitler. A súa primeira residencia será Suíza pero os problemas económicos xorden e a familia opta por probar fortuna en París. Esta vez a adaptación dos rapaces complicase polo descoñecemento do idioma. As dificultades económicas aumentan, el ambiente escolar é tenso ante a chegada de tantos estranxeiros e a familia terá que solucionar mil dificultades para intentar manter a familia unida.

<http://www.alfaguarainfantilyjuvenil.com/upload/ficheros/139.pdf>



¿Quién es ella?

Jerry Spinelli

Alfaguara

Rex.. 1751

Leo é un adolescente que reside nun pequeno pobo do deserto de Arizona, nos Estados Unidos. A súa vida transcorre sen sobresaltos mentres realiza os seus estudos no instituto. Pero todo se altera coa chegada dunha nova alumna ao centro, pola que enseguida se sente fascinado: Ela representa a absoluta independencia e a liberdade. Ao principio a súa extravagancia a converte na atracción dos seus compañeiros, pero con algunhas das súas actuacións, convertese en impopular. Leo quédase engaiolado da súa beleza e o seu carácter e

Libros para reflexionar, pensar e actuar en prol da vida

finalmente acaba por converterse en su parella; pero na súa covardía termina por imitala actitude dos seus amigos e rexeita tamén el a amizade da rapaza.

<http://www.entrelectores.com/libro/29006.quien-es-ella-jerry-spinelli/>



Cambio de amigos

Pedro Sorela

Alfaguara

Rex.: 3880

Un cambio repentino nas nosas vidas supón sempre un reto. Se o cambio se produce, ademais, cando acabamos de adaptarnos á nova realidade, o medo á soidade, ao descoñecido, pode levarnos á desesperación. Sen embargo, nun mundo cambiante e mestizo como o actual, sempre será posible encontrar historias parecidas á nosa: un preadolescente que aprende a valorar o aspecto positivo dos

cambios nos demais e nel mesmo.

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14007374/helvia/aula/archivos/repositorio/750/766/html/primer%20ciclo%20secundaria/Cambio%20de%20amigos.pdf>

<http://www.lecturalia.com/autor/266/pedro-sorela>


Zapatos de cocodrilo

Suárez Romero

SM

Rex.: 228

Divertida novela realista sobre a amizade que relata magoas sen perder o sorriso. As protagonistas desta historia considéranse inseparables e idénticas ata que comezan a decatarse das grandes diferenzas que as separan ata a perda desa gran amizade.



El niño con el pijama de rayas

John Boyne

A crueldade da guerra a través da ollada infantil e as graves consecuencias da mesma non só na infancia senón tamén nos adultos, non só nos perdedores senón tamén nos vencedores.

Sen mirar atrás

Dani Montero

Cómic no que a través dunha narración en clave de misterio se amosa a importancia da imaxe na sociedade actual. Como pode cambiar o tratamento que se lle dá a unha mesma persoa segundo como vaia vestida.